



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ACTA DO TRIBUNAL, Á ALEGACIÓN PRESENTADA POR PAULA FERNÁNDEZ ARIAS CON DATA 18/01/24 EN SEDE ELECTRÓNICA, CORRESPONDENTE AO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA: COORDINADOR/A SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE CAMARIÑAS,

En Camariñas, a 9 de febreiro de 2024, sendo as 13 horas, no salón de plenos da Casa do Concello de Camariñas, reúnese o Tribunal Cualificador das probas selectivas para a creación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de funcionario/a interino/a do grupo A, subgrupo A2, escala de administración especial, subescala técnica: coordinador/a servizos sociais no Departamento de "Servizos Sociais Municipais", co fin de atender e dar resolución ás alegacións presentadas por D^a Paula Fernández Arias, con DNI ***4217** que reza: **Presentar unhas alegacións a dito proceso, solicitando a revisión da nota de concurso e da nota de exame**, dito tribunal foi designado polo Decreto de Alcaldía 08-01-2024 con número 8/2024 e do que se encontran presente os seguintes membros:

Presidenta Suplente: D^a. Margarita M^a Docanto Alonso, Traballadora Social do Concello de Cabana de Bergantiños.

Vogais:

- D^a Alianza Trillo Cabrejo, Educadora Familiar do Concello de Camariñas.
- D^a M^a Dolores Antelo Collazo, Traballadora Social do Concello de Laxe.
- D^a Sandra Abeijón Romero, Traballadora Social do Concello de Vimianzo.

Secretario: D. Francisco José Puga Bestilleiro, persoal laboral do Concello de Camariñas.

Dada a presenza da presidenta como do secretario así como das vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación do tribunal, polo que este procede:

Primeiro: Avaliar o exposto pola alegante ao respecto das preguntas do temario xeral:

Pregunta 2. Quen elixe aos alcaldes ou alcaldesas?

- a) a veciñanza empadroada no municipio.
- b) a Deputación provincial.
- c) os concelleiros ou a veciñanza, segundo estableza a norma electoral municipal.
- d) os concelleiros.

Ao respecto desta pregunta se solicita por parte da interesada o seguinte:

"Que se marque como boa a resposta C, corrixindo a niña nota, ou que se impugne collendo no seu lugar unha pregunta de reserva."

Pregunta: 7 O artigo 35 da Constitución establece que todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia:

- a) sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de raza.
- b) sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de relixión.
- c) sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de sexo.
- d) todas as respostas anteriores son correctas.

Ao respecto desta pregunta se solicita por parte da interesada o seguinte:

"A súa impugnación por estar fóra do temario establecido nas bases, collendo no seu lugar unha pregunta de reserva".



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A continuación o tribunal, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

a) **Anular a pregunta número 2 xa que se considera que xera confusión na súa presentación. Polo tanto o tribunal, decide substituíla pola pregunta reserva nº 1.**

A resposta correcta da pregunta nº 1 de reserva é a correspondente á letra: **b)**

b) **Anular a pregunta número 7 xa que se considera que a alegante ten a razón ao indicar que dita cuestión está fóra do temario establecido nas bases. Polo tanto o tribunal, decide substituíla pola pregunta reserva nº 2.**

A resposta correcta da pregunta nº 2 de reserva é a correspondente á letra: **a)**

Segundo: Avaliar o exposto pola alegante ao respecto das preguntas do temario específico:

Pregunta 37. Sinala cal das seguintes opcións se considera unha finalidade da ferramenta informática SIUSSGAL:

- a) Detección dos problemas individuais e colectivos desde criterios homoxéneos
- b) Conseguir unha linguaxe común en Traballo Social para a análise da realidade
- c) Establecemento de indicadores de actividade profesional
- d) Coñecemento do perfil socio-demográfico da poboación que acude aos servizos sociais.

Ao respecto desta pregunta se solicita por parte da interesada o seguinte:

"A súa impugnación, xa que hai dúas respostas correctas, collendo no seu lugar unha pregunta de reserva."

A continuación o tribunal, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

Anular a pregunta número 37 xa que se considera que a alegante ten a razón. Polo tanto o tribunal, decide substituíla pola pregunta reserva nº 3.

A resposta correcta da pregunta nº 3 de reserva é a correspondente á letra: **d)**

Rematada a avaliación das alegacións presentadas ao respecto das preguntas da fase de oposición o tribunal por unanimidade dos membros presentes acorda outorgar as seguintes puntuacións:

RESULTADO FINAL DA FASE DE OPOSICIÓN

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL FASE OPOSICIÓN
FERNÁNDEZ ARIAS, PAULA	40
SANTOS DÍAZ, CRISTINA	34,80
VÁZQUEZ VÁZQUEZ, PERFECTA	21,75

Segundo: ante a alegación presentada por D^a Paula Fernández Arias, con DNI ***4217**, ao respecto da valoración da experiencia laboral na que solicita:

"que se valore correctamente a experiencia laboral da interesada na Fase Concurso de dita convocatoria, sendo considerada Traballadora Social a efectos de Puntuación".

Este tribunal quere facer constar o seguinte:

a) **Segundo se indica nas bases a forma de acreditar os méritos alegados son as seguintes:**

Servizos prestados como funcionario:

1.-Certificado de servizos prestados expedida pola administración correspondente na que se fará constar, como mínimo, o nome do posto de traballo ocupado, as



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

tarefas desenvoltas, o tipo de relación (funcionario de carreira, interino ou en prácticas), escala, subescala, grupo, corpo, porcentaxe de xornada de traballo e datas de toma de posesión e cese.

2.-Informe de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Servizos prestados como persoal laboral:

1.-Informe de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

2.-Contrato de traballo.

3.-Certificado da empresa sobre as tarefas desenvoltas.

b) Tendo en conta as bases antes nomeadas e habendo revisado a documentación presentada pola alegante, este tribunal por unanimidade indica:

O contrato de traballo ao que fai referencia e presentado a este proceso selectivo, non acredita a súa contratación como traballadora social, para desenvolver as funcións de Coordinadora do Servizo de Axuda a Domicilio no Concello de Vimianzo.

Rematada a avaliación das alegacións presentadas ao respecto da fase de méritos, o tribunal por unanimidade dos membros presentes acorda outorgar as seguintes puntuacións:

RESULTADO FINAL DA FASE DE CONCURSO

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN CURSOS FORMACIÓN	PUNTUACIÓN EXPERIENCIA LABORAL	PUNTUACIÓN TOTAL CONCURSO
SANTOS DÍAZ, CRISTINA	4,10	7,59	11,69
FERNÁNDEZ ARIAS, PAULA	0,20	2,65	2,85
VÁZQUEZ VÁZQUEZ, PERFECTA	1,40	5,80	7,20

A continuación o tribunal procede á suma das puntuacións obtidas polas aspirantes nas dúas fases do procedemento, sendo o resultado das puntuacións finais do concurso-oposición as seguintes:

RESULTADO FINAL CONCURSO-OPOSICIÓN

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL FASE OPOSICIÓN	PUNTUACIÓN TOTAL FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
SANTOS DÍAZ, CRISTINA	34,80	11,69	46,49
FERNÁNDEZ ARIAS, PAULA	40	2,85	42,85
VÁZQUEZ VÁZQUEZ, PERFECTA	21,75	7,20	28,95

Polo que o Tribunal por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

Primeiro: Proponer a Alcaldía que se proceda á formalización/aprobación da seguinte listaxe de aprobadas para a creación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de funcionario/a interino/a do grupo A, subgrupo A2, escala de administración especial, subescala técnica: coordinador/a servizos sociais no Departamento de "Servizos Sociais Municipais", de maior a menor, obtida polas aspirantes aprobadas que a continuación se indica:



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ORDE DE CHAMAMENTO	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
1ª	SANTOS DÍAZ, CRISTINA	46,49
2ª	FERNÁNDEZ ARIAS, PAULA	42,85
3ª	VÁZQUEZ VÁZQUEZ, PERFECTA	28,95

Segundo: Dar traslado da presente acta á Alcaldía aos efectos do previsto na Base décimo primeira da convocatoria que regula o proceso selectivo.

Terceiro: Facer público o resultado do concurso-oposición mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e a efectos informativos na sede electrónica do Concello de Camariñas.

Seguidamente redáctase a acta da sesión dándose lectura a esta ante os membros do Tribunal sen que se realice ningunha observación polos asistentes polo que se autoriza coa sinatura da secretaría do órgano e o visto e prace da presidencia.

Non sendo outro o obxecto da reunión e non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, sendo as 14'15 horas do día da data, do que como secretario dou fe co visto e prace da Presidencia.

Vº e Prace
O Presidente,

O Secretario,